

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS DEPOEMPRENDE NA ESCOLA, DEPOEMPRENDE NA ESO E DEPOEMPRENDE NA FP (CONVOCATORIA 2018-2019) DIRIXIDA AOS CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN ESPECIAL, EDUCACIÓN SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

A **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, como órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, aprobou no ano 2010 o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende que ten como obxectivo estratéxico a implantación, na comunidade educativa, dunha cultura emprendedora co fin de mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego. Así mesmo, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécese o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu artigo 11 faise referencia ao emprendemento como elemento transversal que se traballará en todas as materias.

A **Deputación de Pontevedra**, dentro da liña de apoio ao emprendemento que está a impulsar en diferentes áreas, apoia o desenvolvemento de proxectos que contribúan ao estímulo da cultura emprendedora no sistema educativo e conta con persoal cualificado e recursos materiais para integrar novas actividades na programación dos centros. É por isto que se lles propón realizar unha convocatoria aos centros educativos públicos da provincia de Pontevedra (educación especial, educación primaria, educación secundaria e formación profesional) para participar nas modalidades dos diferentes proxectos de fomento da cultura emprendedora no ámbito escolar: “depoEMPRENDE na escola”, “depoEMPRENDE na ESO” e “depoEMPRENDE na FP” (convocatoria 2018-2019).

Esta convocatoria rexerese polas seguintes **BASES**:

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto convocar os diferentes centros docentes sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra para participar nas diferentes modalidades do proxecto que ten como obxecto o fomento da cultura emprendedora no ámbito escolar.

- “depoEMPRENDE na escola”: dirixido á educación primaria e educación especial.
- “depoEMPRENDE na ESO”: dirixido á educación secundaria.
- “depoEMPRENDE na FP”: dirixido á formación profesional.

Achégase documentación coa descrición máis detallada dos programas (anexo I, anexo II e anexo III).

Segunda. Beneficiarios

- “depoEMPRENDE na escola”: centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de educación primaria e centros de educación especial da provincia de Pontevedra.
No caso de centros de educación primaria poderán elixir presentar como participantes do proxecto o alumnado de 5.º ou de 6.º curso.
No caso de educación especial, o grupo que eles consideren.
- “depoEMPRENDE na ESO”: centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de educación secundaria da provincia de Pontevedra, dirixidos fundamentalmente ao alumnado que curse 3.º e/ou 4.º de ESO e que estudan a materia de Iniciativa Emprendedora.
- “depoEMPRENDE na FP”: centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional da provincia de Pontevedra, dirixidos fundamentalmente ao alumnado que estude a modalidade de Empresa Iniciativa Empresarial EIE ou/e Simulación Empresarial.

Terceira. Presentación de solicitudes

As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma: seguindo o modelo de solicitude, que estará dispoñible en www.depo.es.

Cada un dos centros elixirá a modalidade ou modalidades de solicitude segundo elixa participar en unha ou en varias: “depoEMPRENDE na escola”, “depoEMPRENDE na ESO” e “depoEMPRENDE na FP”.

1.º) Será necesario presentar unha solicitude por modalidade, na que se fará constar o interese do centro en participar na convocatoria. Presentarase no Rexistro xeral da institución provincial, nos rexistros habilitados da institución ou nos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, **deberase enviar un correo electrónico**, no que se acheguen a solicitude selada e demais anexos (debe constar o selo do rexistro onde se presente, coa indicación do lugar, a data e a hora), ao enderezo electrónico promociondoemprego@depo.es. En caso de non se realizar deste xeito a solicitude eliminarase automaticamente do proceso.

2.º) A solicitude deberá incluír os seguintes datos:

2.1. Obxecto da convocatoria: solicitude de participación na modalidade do proxecto que corresponda para o

curso escolar 2018-2019.

2.2. Datos do centro educativo:

- 2.1. CIF do centro educativo
- 2.2. Nome, correo-e e número de teléfono da ou do representante legal do centro
- 2.3. Identificación da ou do profesional do centro educativo que actuará como persoa de contacto, achegando o seu correo-e e número de teléfono
- 2.4. Orde de preferencia nos cursos no que se solicita realizar o proxecto
- 2.5. Número de alumnos do curso para o cal se selecciona o proxecto
- 2.6. Condición/ ou non de participar en anos anteriores
- 2.7. Compromiso de número de participación de docentes que se implicarán no proxecto
- 2.8. Aceptación e cumprimento dos criterios de selección

3.º) Presentar cuberto o anexo IV (experiencia do centro educativo en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativo e/ou con proxectos de impulso da cultura emprendedora/Experiencia do centro en actividades de innovación educativa/Implicación das e dos docentes).

Cuarta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e rematará o día 16 de xullo de 2018.

Quinta. Proceso de selección

Establécense os seguintes criterios do baremo segundo a modalidade do proxecto:

- **DEPOEMPRENDE NA ESCOLA (EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL)**

A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 15 puntos):

1. Experiencia previa do centro e das e dos docentes participantes en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e/ou con proxectos de impulso da cultura emprendedora: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)
2. Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)
3. Número de docentes implicadas: máximo 3 puntos (1 punto por dous docentes ou menos; 3 puntos por máis de dous docentes)
4. Compromiso de destinar máis do 25 % do obtido pola venda dos produtos creados na cooperativa a unha ONG: máximo 3 puntos (1 punto de 0-10 %; 2 puntos 11-20 %; 3 puntos 21-30 %)
5. Se o colexio participou en anos anteriores, 2 puntos; se é o primeiro ano, 1 punto

- **DEPOEMPRENDE NA ESO (EDUCACIÓN SECUNDARIA)**

A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 15 puntos):

1. Experiencia previa do centro do persoal docente participante en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativo e/ou con proxectos de impulso da cultura emprendedora: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)
2. Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)
3. Número de persoas docentes implicadas: máximo 3 puntos (1 punto dous docentes o menos; 3 puntos, máis de dous docentes)
4. Compromiso de destinar máis do 25 % do obtido pola venda dos produtos creados na cooperativa a unha ONG: máximo 3 puntos (1 punto de 0-10 %; 2 puntos 11-20 %; 3 puntos 21-30 %)
5. Se o colexio participou en anos anteriores, 2 puntos; se é o primeiro ano, 1 punto

- **DEPOEMPRENDE NA FP (FORMACION PROFESIONAL)**

A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 12 puntos):

1. Experiencia previa do centro e das e dos docentes participantes en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e/ou con proxectos de impulso da cultura emprendedora: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)
2. Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)
3. Número de persoas docentes implicadas: máximo 3 puntos (1 punto por dous docentes ou menos; 3 puntos por máis de dous docentes)
4. Se o colexio participou en anos anteriores 2 puntos; se é o primeiro ano 1 punto

Os centros seleccionaranse atendendo á súa puntuación, de maior a menor, e ningún caso o número de centros seleccionados poderá superar o número máximo de 15 centros no caso da modalidade "depoEMPRENDE na escola", máximo 8 centros na modalidade de "depoEMPRENDE na ESO" e máximo 8 centros na modalidade de "depoEMPRENDE na FP".

En caso de empate este resolverase atendendo á puntuación obtida nos criterios arriba seleccionados e por esa orde de preferencia, é dicir: maior puntuación no apartado primeiro (experiencia en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e/ou proxectos de impulso da cultura emprendedora) terán preferencia sobre os seguintes apartados, e así de forma sucesiva.

Sexta. Resolución e emendas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias a Deputación ditará unha resolución na que declarará aprobada a lista provisional de colexios seleccionados . Este documento publicarase en www.depo.es.

O prazo para presentar alegacións é de cinco días naturais; transcorrido este tempo publicarase a lista definitiva dos centros seleccionados nos medios sinalados anteriormente.

Calquera dúbida ou cuestión poderá dirixirse ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra, mediante o teléfono 986 804 100 (extensión 50859) ou o enderezo electrónico promociondoemprego@depo.es.

Sétima. Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Existe un convenio asinado coa Consellería Cultura, Educación e Ordenación universitaria co obxectivo de proceder ao recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado.

Oitava. Comisión de selección e seguimento

Formarase unha comisión de selección e seguimento a quen lle corresponderá avaliar as solicitudes presentadas de acordo cos criterios establecidos na convocatoria, así como resolver dúbidas e incidencias que se produzan no seu desenvolvemento, tal e como se establece no convenio firmado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,. Esta estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Dúas persoas representantes da Deputación de Pontevedra

Novena. Accións formativas para o profesorado

Impartiráselle un curso **presencial de 20 horas como máximo**, cun mínimo de 4 horas por sesión, ao profesorado encargado de levar a cabo este proxecto.

Pontevedra, 19 de xuño de 2018